

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A PARTICIPACIÓN CONXUNTA NO ESTUDO DAS ENFERMIDADES E A VIXILANCIA DA PREVALENCIA DESTAS NOS ANIMAIS DE ABASTO SACRIFICADOS EN GALICIA

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2023

REUNIDOS

Dunha parte don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, os Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente e, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Doutra parte don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF.: Q1518001A, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario. e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC).

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente con capacidade legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente acordo e a tal efecto:

EXPOÑEN

Primeiro. Que no marco das competencias atribuídas á Consellería de Sanidade é unha función esencial, dentro da misión da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP), o desenvolvemento de actuacións comunitarias para o control dos riscos de enfermarse asociados aos determinantes da saúde, tanto humana como animal. Entre estas actuacións atópase a planificación, programación, seguimento e avaliación das actividades de control oficial no marco da protección da saúde fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos, dentro da estratexia *One Health*.

Na obtención de carnes frescas destinadas á alimentación humana, os servizos veterinarios oficiais de Saúde Pública asignados aos matadoiros da nosa Comunidade Autónoma teñen, entre outras funcións, a responsabilidade de ditaminar a aptitude para o consumo das carnes e vísceras procedentes dos animais sacrificados nestes

establecementos. Para poder elaborar o devandito ditame deberán proceder entre outras inspeccións a un exhaustivo exame postmortem das canais e as súas vísceras.

A Dirección xeral de Saúde Pública identificou a necesidade de dotar aos seus inspectores dunha estrutura de soporte para mellorar a capacidade de diagnóstico, tal e como recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS) no seu informe técnico 99: *"faise necesario un sistema de probas complementarias para o apoio ao ditame do Servizo Veterinario Oficial durante o proceso de inspección postmortem"*.

Segundo. Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, e que entre os seus fins esenciais atópase o de contribuír aos avances para mellorar as condicións e calidade de vida do entorno social.

Concretamente, no Departamento de Anatomía, Producción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias da USC, realízanse tarefas docentes e investigadoras no ámbito da Anatomía Patolóxica Veterinaria dos animais de produción, levando a cabo as necropsias docentes e diagnósticas de cadáveres procedentes de granxas, o estudo histopatolóxico das mostras, e o estudo post-mortem de órganos comisados nos matadoiros da comunidade autónoma de Galicia, así coma o desenvolvemento de cursos de formación na patoloxía máis frecuente observada durante a inspección ante-mortem e post-mortem dos animais sacrificados nos matadoiros das Comunidades autónomas de Galicia e Canarias.

Terceiro. Que a USC, tamén, ten interese en manter este convenio, xa que posibilita que os membros do grupo de investigación GI-1845 realicen estudos necesarios para completar algúns eidos das súas liñas de investigación que permitirán establecer relacións epidemiolóxicas cos resultados obtidos previamente, os cales poderán publicarse e empregarse na vixilancia e control das enfermidades en animais de abasto con repercusión en Saúde Pública, dentro da estratexia *One Health* que se segue a desenvolver en Galicia.

Cuarto. Que estas institucións están interesadas en manter unha cooperación nestes ámbitos específicos, xa que os resultados que se obteñan permitirán ampliar o coñecemento sobre a prevalencia de determinadas patoloxías en animais de abasto, sen esquecer que algunhas das enfermidades compártense entre humanos e animais, considerándose unha acción prioritaria no marco da estratexia *One Health*.

Por conseguinte, sendo todas as partes intervenientes neste acto, conscientes da importancia destas actividades, deciden subscribir un convenio de colaboración para o apoio ao diagnóstico veterinario en matadoiros e a vixilancia de enfermidades animais, sometido ás seguintes

CLAUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

A finalidade do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a cooperación entre a Consellería de Sanidade e a USC para a participación conxunta en materia de investigación para o control de enfermidades e a vixilancia da prevalencia destas nos animais de abasto sacrificados en Galicia, por unha banda mellorando a identificación das lesións atopadas nos animais de abasto sacrificados en Galicia, así como no establecemento de criterios técnicos contrastados para a súa aplicación en supostos susceptibles de interpretacións diversas dende o punto de vista da seguridade alimentaria e por outra completando algúns eidos das liñas de investigación que permitan establecer relacións epidemiolóxicas cos resultados obtidos e seren empregados na vixilancia e control das enfermidades en animais de abasto con repercusión en Saúde Pública, dentro da estratexia One Health que se segue a desenvolver en Galicia.

Segunda. Dereitos de propiedade industrial e intelectual

A titularidade dos dereitos de propiedade industrial e intelectual dos resultados serán de uso compartido polas partes asinantes, no xeito que elas mesmas establezan de conformidade coa normativa aplicable na materia. As partes comprométese a colaborar, de acordo cos principios da boa fe e eficiencia, na determinación dos procedementos axeitados para obter o éxito da protección e explotación dos resultados.

Terceira. Obrigas da USC

1. A USC comprométese a aumentar o coñecemento sobre as lesións anatomopatolóxicas en animais de abasto de interese para a saúde humana, para o cal levarán adiante as seguintes actividades:

- a) Colaborar coa Dirección Xeral de Saúde Pública na elaboración e mellora dos protocolos para o envío de imaxes de lesións por parte dos servizos veterinarios oficiais, así como no estudo das imaxes na elaboración do procedemento de comunicación do ditame das imaxes recibidas.
- b) Colaboración na mostraxe e análises para o ditame en casos dubidosos que non poidan ser resoltos por medio das imaxes recollidas.
- c) Colaboración na actualización das bases de datos de lesións anatomopatolóxicas achadas en animais de abasto de interese en Galicia.
- d) Citar a colaboración conxunta de ambas institucións no caso da utilización ou divulgación dos datos obtidos.

e) Colaboración na elaboración dun atlas de enfermidades e/ou lesións asociadas detectadas nos animais sacrificados en Galicia.

f) Colaboración no establecemento de criterios técnicos contrastados para a súa aplicación en supostos susceptibles de interpretacións diversas dende o punto de vista da seguridade alimentaria.

g) Efectuar propostas para a actualización dos contidos da páxina web <https://vetmaga.sergas.gal> ou plataforma que a substitúa no seu caso, como no futuro Observatorio de Saúde Pública de Galicia, , que permitan mostrar a prevalencia das diferentes patoloxías achadas segundo a localización xeográfica do animal de abasto.

h) Remisión periódica da información á DXSP e elaboración dun informe anual cos resultados obtidos no marco deste convenio.

2. A persoa responsable por parte da USC é a profesora titular da USC, dona Ana María Bravo Moral.

Cuarta. Obrigas da Consellería de Sanidade

1. A Consellería de Sanidade comprométese a:

a) Contribuír á cobertura do custo das actividades que constitúen o obxecto do presente convenio, mediante a achega económica prevista na cláusula sexta .

b) Establecer as canles de comunicación e intercambio de información necesarias para a realización das actividades conveniadas, sen que isto poida implicar a asunción de novas tarefas ou funcións por parte do persoal inspector, nin interferir no normal desenvolvemento da súa actividade..

c) A análise dos datos da orixe dos animais con lesións anatomopatolóxicas detectadas, de ser preciso.

d) Citar a colaboración conxunta de ambas institucións no caso da utilización ou divulgación dos datos obtidos.

e) A colaborar coa Universidade en materia de asesoramento técnico, de ser necesario.

2. A Consellería de Sanidade designará unha persoa responsable da interlocución coa representación da USC no que atinxa ao desenvolvemento das actividades conveniadas

Quinta. Comisión de seguimento

1. A Comisión de seguimento terá como funcións a de realizar o seguimento das actividades que constitúen o obxecto do convenio, velar polo seu correcto desenvolvemento , así como resolver as dúbidas que poidan xurdir no cumprimento ou interpretación das cláusulas do convenio, así como aquelas outras que determinen as

partes asinantes.

2. A Comisión de seguimento estará integrada polos seguintes membros:

a) Dúas persoas representantes da Consellería de Sanidade, unha das cales será a persoa responsable da interlocución coa representación da USC. Unha delas actuará como Presidente/a.

b) Dúas persoas representantes da USC, unha das cales será a persoa responsable da coordinación coa Consellería de Sanidade. Unha delas exercerá a Secretaría da Comisión.

3. La Comisión reunirse polo menos unha vez ao ano, previa convocatoria do/a Presidente/a da mesma ou cando o solicite calquera das partes cunha antelación mínima, de quince (15) días.

As votacións sobre os asuntos que vaian á comisión decidiranse polo voto da maioría das persoas asistentes con dereito a voto. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da persoa que a presida.

4. O réxime de funcionamento da comisión será o establecido na Sección terceira do Capítulo II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público."

Sexta. Compensación económica dos gastos da actividade.

Dada a natureza convencional do presente instrumento, as partes exclúen expresamente o ánimo de lucro, polo que a respectiva achega unicamente cubrirá o custo das actividades conveniadas.

A achega da USC ás actividades previstas no presente convenio, consistirá na cuantificación equivalente á achega dos medios persoais e materiais destinados ao obxecto do convenio, até cubrir unha cantidade equivalente á achega da Consellería de Sanidade.

Para tal efecto, a Consellería de Sanidade participará no financiamento con cargo á partida orzamentaria 1202.413A.640.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, na que existe crédito axeitado e suficiente, mediante as seguintes achegas:

Anualidade	Importe ¹
2023	14.520 €
2024	18.150 €
2025	18.150 €
2026	3.630 €
TOTAL	54.450 €

(1) O importe consignado inclúe o IVA ao 21%

O pagamento realizarase coa seguinte periodización:

Ano 2023:

Logo da sinatura do convenio a Universidade preentará un cronograma de desenvolvemento do "Atlas de enfermidades detectadas nos matadoiros galegos".

Ao rematar o segundo trimestre pagarase o 50 % do total (6.000 €+ IVE).

No cuarto trimestre procederase a un segundo pagamento (6.000 €+IVE) logo da presentación provisional dos resultados obtidos e do "Atlas de enfermidades detectadas nos matadoiros galegos", preparado para a súa publicación, xunto coa correspondente factura emitida pola USC.

Ano 2024 e 2025:

Pagarase o 100% do total (15.000,00 € + IVE) no cuarto trimestre. A Universidade deberá presentar un informe provisional das actividades realizadas e dos achados obtidos no correspondente período, memoria para o actualización do "atlas de enfermidades detectadas nos matadoiros galegos", xunto coa correspondente factura emitida pola USC.

Ano 2026:

Pagaranse 3000 € + IVE tras presentar un informe **final definitivo** cos resultados obtidos no 2023, 2024 e 2025, xunto coa correspondente factura emitida pola USC.

A xustificación dos gastos e o seu pagamento, consistirá na presentación da documentación anteriormente indicada, xunto coa correspondente factura emitida pola USC.

Lugar da presentación da documentación: toda a documentación de xustificación deberá achegarse a través da sede electrónica da xunta de Galicia, mediante a presentación do formulario PR004A ("Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado") que se remitirá, debidamente cumprimentado, á Dirección Xeral de Saúde Pública, da Consellería de Sanidade, que deberá certificar o cumprimento dos fitos previstos.

A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos anuais será o día 16 de decembro de cada exercicio orzamentario.

Sétima. Inexistencia de relación contractual ou laboral

A subscripción deste convenio non comporta relación contractual ou laboral de ningunha clase entre a Consellería de Sanidade e os profesionais da USC que realicen as actividades que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán exixir á Consellería de Sanidade responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Oitava. Natureza do convenio e xurisdición competente,

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas estipulacións nel contidas.

A xurisdición competente para dirimir os conflitos que puidesen resultar deste será a contencioso-administrativa.

As partes comprométense a resolver, no seo da comisión de seguimento, calquera desacordo que puidera xurdir na súa execución.

Novena. Extinción e resolución do convenio

1. Son causas de resolución deste convenio:

a) O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.

b) O acordo unánime das partes asinantes.

c) A expiración do prazo pactado e das súas prórrogas.

d) A denuncia de calquera das partes asinantes cun aviso previo expreso de dous meses.

2. En razón do interese público, a Consellería de Sanidade poderá suspender a execución do convenio, previa presentación dun informe ao respecto, que será discutido na comisión mixta; sen prexuízo do cal, deberanse rematar todas as tarefas en execución ata a súa completa finalización.

3. No caso de resolución anticipada por mutuo acordo das partes, liquidaranse as actividades en execución que cumpran os requisitos previstos no convenio en cuanto á súa xustificación documental e económica: para tal efecto, a USC entregaralle á Consellería de Sanidade un informe cos resultados obtidos ata o momento da interrupción. Dito informe, incluírá a liquidación económica dos traballos realizados ata esa data, que serán aboados pola Consellería de Sanidade dentro dos límites orzamentados.

Décima. Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá unha vixencia de tres anos contados a partir da data da sinatura.

Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as partes, de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga anual, por un período de ata catro anos adicionais mediante a formalización do correspondente acordo de prórroga, que deberá ser subscrito cunha anterioridade de, polo menos, 2 meses á data de vencemento do convenio.

Décimo primeira. Protección de datos de carácter persoal

O réxime de tratamento de datos de carácter persoal derivados deste convenio será o previsto en aplicación do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes utilizarán, ou aplicarán, os datos persoais única e exclusivamente conforme ás finalidades e instrucións derivadas deste convenio, e non os comunicarán ou cederán a outras persoas.

As partes están obrigadas a gardar o segredo profesional respecto dos datos de carácter persoal que trate no cumprimento do convenio, obriga que subsistirá aínda cando finalice a vixencia do mesmo.

Décimo segunda. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno.

As partes asinantes do convenio outorgan o seu consentimento expreso para que a Administración Pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio en duplicado exemplar, na data que consta na sinatura electrónica.

Pola Consellería de Sanidade,

Pola Univ. de Santiago de Compostela

Julio García Comesaña

Antonio López Díaz